

Letras Galegas 2025



Escola Infantil Municipal
Monte Alto

Anpa Titongo

Cantigas ao longo do curso

Dende outubro ata maio levamos cantando, bailando e facendo sons e ritmos con instrumentos e obxectos de percusión para chegar a esta festa.

Os días de Félix é certo que cantamos máis, pero cantar, cantar, sempre está na escoliña..para acompañar a comida, o sono, o comezo e remate de contos..

Para celebrar este ano as Letras Galegas, escollemos cantigas para percorrer todo o ano e as festas.

A música sempre é transmisora de alegría e boas emocións, xa que son momentos para estar xuntos e compartir.

Que importante é celebrar! e dende a pequerrechos e pequerrechas, escoitar, cantar, bailar e participar da riqueza do noso cancionero e das voces das CANTAREIRAS.

Boa Foliada Monte Alto!

outubro




O sol chámase Lourenzo

O sol chámase Lourenzo
e a lúa Catarina.

Catarina anda de noite
e Lourenzo anda de día.

Aluméame, luiña,
aluméame, luar,
aluméame de noite
de día vai descansar.



novembro

Chove, chove

Chove, chove
na casa do pobre.



Frío, frío
coma auga do río.

Neva, neva
na casa de Lela.



Morno, morno
coma auga do chorro.

Pinga, pinga
na casa de Minga.



Quente, quente
coma auga que ferve.

Trona, trona
na casa de Ramona.



decembro

Vamos todos contentiños

*Vamos todos
contentiños,*

*Vamos todos pra
Belén*

*A ver aquel neno
lindo*

Acabado de nacer.

*Vamos todos
contentiños*

*Vamos todos pra
Belén*

*Vamos todos
contentiños*

*para ver-lo neno
Manuel.*

*Vamos todos
contentiños*

*Vamos coa gaita de
fol*

*que din que naceu
un neno*

*tan bonito coma o
Sol.*

xaneiro



Eu teño un canciño

Eu teño un canciño
que ven da Marola
e baila o fandango
ben ben ben
e baila o fandango
ben ben ben
e baila o fandango
cunha perna soa.

Eu teño un canciño
bonito abofé
e baila a muñeira
ben ben ben
e baila a muñeira
ben ben ben
E baila muñeira
Ca punta do pé


Eu teño un canciño
miña nai ten tres e o
máis pequeniño
ben ben ben
e o máis pequeniño
ben ben ben, e o máis
pequeniño ben ben
ben
e o máis pequeniño
vai o Santo Andrés.

febreiro

Cacaracá, ponte no pa



*Cacaracá
ponte na pa,
faima un bolo,
no comas todo,
deixa unha miga
pró día do Entroido*



marzo

Canta a rula, canta o cuco

Canta a rula, canta
o cuco,
Tamén canta a
bubela,
Cantan tódolos
paxaros
No tempo da
primavera.



abril

Alumea o pan



Alumea o pan,
cada espiga
seu toledán!

Alumea o liño,
cada freba
seu cerriño!

Alumea o trigo,
cada espiga
seu moletiño!

Auga e mais auga
cala sobre nós
pra que o centeo
veña ben cheo,

pra que a cebada
veña granada

pra que o trigo
veña florido.



maio

Danza de Eva Castiñeira

Ai lala lalaralalala
Aalala lalaralela
Aa lala lalaralalara
Alalala alalá

Moza que estás na
ventana
coa punta do pano
fóra
recóllea para dentro
o pano non enamora.

O anillo que me deches
perdino na carretera
Non me pesa do anillo,
pésame do quen o leva



Ei vos va a despedida
Ei vos vai a derradeira
Acabouse o chicolate
Rompeu a chicolateira

LETRAS GALEGAS 2025



ANPA TITONGO
Escola Infantil Monte Alto

